

O horto dos pequenos empreendedores



Por qué?

- Porque viven unha realidade afastada da natureza.
- Porque precisan vivenciar e manipular os contidos.
- Porque é un proxecto real, asequible e transversal.
- Porque desperta a motivación dos nenos.



Xustificación

- O horto convértese nun recurso educativo para os distintos niveis.
- Permítenos desenvolver capacidades, valores e actitudes individuais.
- Desde idades temperás potenciamos iniciativas emprendedoras, creativas e solidarias.
- Favorecemos a socialización e o traballo en equipo.

Relación co currículo

- Competencia lingüística
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
- Competencia dixital
- Aprender a aprender
- Competencias sociais e cívicas
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor
- Conciencia e expresión culturais

OBXECTIVOS

- Analizar o medio natural e descubrir as diferentes interrelacións entre os seus diferentes compoñentes (flora, fauna, clima, só etc.)
- Coñecer diferentes tipos de plantas e as súas características.
- Valorar a importancia do consumo de alimentos frescos e saudables cultivados de maneira respetuosa co medio ambiente.
- Potenciar o desenvolvemento da responsabilidade a través da asumición de tarefas do horto e desenvolver actitudes de iniciativa e creatividade.
- Fomentar o traballo cooperativo facendo aos alumnos partícipes na organización das diferentes labores do horto.
- Concienciar da necesidade de un desenvolvemento sostible no que se perciba a solidariedade das xeneracións vindeiras no uso axeitado dos recursos naturais.
- Buscar e presentar información sobre os contidos do horto empregando as novas tecnoloxías.
- Contribuír o desenvolvemento da imaxinación e propiciar o espírito observador e creativo a partir dun marco natural próximo o entorno de aprendizaxe cotidiá na aula.
- Concienciar sobre a importancia de coidar o entorno natural e a mellora da imaxe do centro.
- Conseguir a nivel de centro implicar a toda a Comunidade Educativa en actividades educativas realizadas no centro e que teñan que ver coa conservación do medio ambiente.
- Aprender a respetarse uns a outros mostrando ese mesmo respecto cara os seres vivos e a natureza que nos rodea.

ACTIVIDADES

- Presentaranse as actividades por orden cronolóxico organizándoas por meses.



OUTUBRO

- Preparar a terra para a sementeira de outono: cavar, quitar malas herbas e alimentar a terra con materia orgánica do composteiro.



NOVEMBRO

- Sementar bulbos que aguantarán o inverno: fabas, allos, cebolas e ceboletas.
- Recollida de follas do patio para facer compost.
- Decorar corredores e entradas con murais do outono.



DECEMBRO

- Elaboração de etiquetas para as plantas e hortalizas.
- Elaboração de normas para o cuidado e respeito do horto.




XANEIRO

- Montar o invernadoiro.



FEBREIRO

- Invernadoiro: plantar chícharos, espinacas e leitugas.
- Neste mes, xurdiu a posibilidade de incubar uns ovos de pita. Foi todo un éxito!! Repetimos con codornices!!!



MARZO



- Sementar plantas culinarias: cilantro, perexil, tomiño...que se manterán en semilleiros nas aulas.
- Preparar a terra para plantar patacas temperás.
- Sementar plantas con flores que atraen aos insectos e para dar cor.
- Celebración da primavera.

ABRIL

- Plantar e manter no invernadoiro ou nas clases: tomates, xudías verdes, cabazas, calabacín, acelgas... Trasplantar leitugas, espinacas e guisantes.
- Quitar malas herbas.



MAIO

- Trasplantar plantas culinarias: tomates, xudías, cabazas e aprender técnicas para o seu coidado. Manutenemento das plantas.
- Semana da ciencia: Actividades dentro do marco da “Semana da Ciencia”



XUÑO

- Recolleita das verduras e hortalizas.
- Venta dos cultivos para recaudar fondos.
- Cos fondos obtidos celebrárase unha festa como premio para os participantes.

RELACION COAS AREAS

- LINGUA: lecturas comprensivas, escritura de contos,....
- MATEMÁTICAS: resolución de problemas ante situacións reais do horto...
- CIENCIAS SOCIAIS: relación entre tempo meteorolóxico e cultivos, manexo do calendario,...
- EDUCACIÓN ARTÍSTICA: murais, actividades plásticas con materiais reciclados,...
- CIENCIAS DA NATUREZA: características, usos e coidados das plantas, relación entre plantas e animais,...

AVALIACIÓN

- A avaliación do proxecto será continua e terá carácter de retroalimentación.
- A avaliación do alumnado permitirá coñecer a consecución de contidos actitudinais e conceptuais.
- Técnicas e instrumentos de avaliación: observación directa e probas axeitadas.

PARTICIPANTES

Educación Infantil, o primeiro e o segundo nivel de Educación Primaria e, por suposto, contamos co apoio do equipo directivo.

